



## ANUNCIO

### Modificación das bases selección Técnico Administración Xeral

Faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 1115/2017 de data 16/10/2017 que se transcribe de seguido:

#### “RESOLUCION DA ALCALDIA

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DE UN TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. FUNCIONARIO INTERINO E FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO. EXPEDIENTE 2017/E001/000004.**

Por Resolución da Alcaldía núm. 1032/2017 de data 26/09/2017 aprobáronse as bases de selección para a cobertura temporal, mediante funcionario/a interino/a, da praza de Técnico/a de Administración Xeral (ECA-01). O anuncio foi publicado no BOP nº 187 do 02/10/2017. O prazo de presentación de instancias (20 días naturais) remata o 23/10/2017.

Detectado erro por omisión na base terceira, no que respecta aos requisitos, en concreto á titulación esixida, posto que non se incluíron determinadas titulacións que sí son válidas para o acceso á Subescala de Intervención-Tesouraría, categoría de entrada, da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, segundo a Orde HAP/1499/2016 do 16 de xullo (BOE nº 228 do 21/09/2016). En consecuencia, procede modificar a base terceira, e abrir un novo prazo de presentación de instancias.

Por medio da presente RESOLVO:

Primeiro.- Modificar as bases selección para a cobertura temporal, mediante funcionario/a interino/a, da praza de Técnico/a de Administración Xeral (ECA-01), en concreto a base terceira, no que respecta aos requisito de titulación, que quedaría redactada do seguinte xeito:

#### **3.- REQUISITOS ESIXIDOS**

*Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

*a) Estar en posesión de algún dos seguintes títulos académicos ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes: Licenciado en Dereito, Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado en Socioloxía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Licenciado en Economía. Licenciado en Ciencias Actuais e Financeiras ou o título de Grao correspondente.*

*Os aspirantes con titulacións obtidas no extranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou no seu caso do correspondente certificado de equivalencia.*

*Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de Dereito Comunitario.*

Segundo.- Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, ampliando o prazo para a presentación de instancias en cinco (5) días naturais dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde, en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria”

Vimianzo, a 16 de outubro de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos